



OURENSE, A DEZASEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTESEÍS

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 2-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

COMPETICIÓN: LIGA GALEGA XUVENIL MASCULINA 25-26

ENCONTRO: C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS - C. MARINA FERROL

DÍA/HORA: 11-1-26; 17:15

FEITOS

PRIMEIRO.- Con data 12/1/2026 foi remitida a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro arriba indicado.

SEGUNDO.- No anexo da acta recóllese literalmente o seguinte feito:

"En el minuto 1:30 del último cuarto se le muestra tarjeta amarilla al entrenador del equipo visitante VICTOR LAZARO GUERRERO por protestar desde el banquillo."

TERCEIRO.- Da documentación do encontro resulta que D. **VÍCTOR LÁZARO GUERRERO** figura como técnico do equipo visitante (**C. MARINA FERROL**), constando inscrito como **"Entrenador Auxiliar/Nivel 2"**.

CUARTO.- O citado feito foi tramitado conforme ao procedemento disciplinario aplicable (trámite de audiencia).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Competencia e procedemento. Resulta de aplicación o **artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación**, ao que se remite expresamente o trámite de audiencia do presente expediente.

II.- Tipificación e consecuencias disciplinarias (técnicos/as). A **Normativa Xeral de Waterpolo (Tempada 2025/26, Circular 25-43)** establece para as **sancións de adestradores/as** un sistema de ciclos no que: **1ª tarxeta amarela: amonestación. 2ª tarxeta amarela: sanción segundo ciclo (no primeiro ciclo, 1 partido).**

III.- Cómputo (primeiro ciclo). Á vista exclusiva da documentación obrante neste expediente, **non se desprende** a existencia doutra tarxeta amarela previa ao citado técnico na mesma categoría/competición durante a tempada, polo que procede cualificala como **1ª tarxeta amarela do primeiro ciclo.**

RESOLVE

ÚNICO.- Polo feito acreditado consistente en **protestar desde o banquillo**, polo que se amosou **tarxeta amarela** ao técnico do equipo visitante **D. VÍCTOR LÁZARO GUERRERO**, **ACÓRDASE:**

1. **Impoñer AMONESTACIÓN**, computable como **1ª tarxeta amarela do primeiro ciclo** na tempada e categoría de referencia.
2. **Notificar** a presente resolución ao club **C. MARINA FERROL**, para o seu coñecemento e efectos.
3. Facer constar que a acumulación de tarxetas amarelas comportará as consecuencias previstas na normativa disciplinaria vixente para técnicos/as.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

Abg. José Antonio Nóvoa